

**DECRETO NÚMERO 16006877 DO 14/09/2016**

Ilma. Sra. Dona María del Carmen Basadre Vázquez, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua

Instruído o expediente relativo a: **PROCEDIMENTO PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA NA “III FEIRA DE ARTESANÍA E GASTRONOMÍA DO SAN FROILÁN PARA OS ANOS 2016, 2017, 2018, 2019. (EXPTE. REF. 28-2016). APERTURA DE PRAZO DE INVITACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DIRECTA DE VARIOS POSTOS VACANTES.**

Examinado o expediente e visto:

PRIMEIRO.- Decreto 16005647 de 18 de xullo de 2016 polo que se aproba o procedemento para a autorización de instalación de postos de venda na III Feira de Artesanía e Gastronomía para San Froilan , as bases e apertura do procedemento aberto de adxudicación

SEGUNDO.- Anuncio de licitación no BOP de Lugo num. 169 de 23 de xullo de 2016

TERCEIRO.-Acta da Comisión avaliadora de data 13 de setembro de 2016 que textualmente dí:

**ASUNTO: PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA NA “III FEIRA DE ARTESANÍA E GASTRONOMÍA DO SAN FROILÁN PARA OS ANOS 2016, 2017, 2018, 2019. (EXPTE. REF. 28-2016).**

*Sendo as 9.00 horas do día 13 de setembro de 2016, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Comisión Avaliadora conformada pola técnico do Servizo de Contratación , Patrimonio e Fomento dona Ana Tabarés Martínez , o persoal da Sección de Cultura dona Consuelo Rodríguez Bao e dona Patricia Lopez Seijas e don José Manuel Río Espiño Comisario do Feiral.*

*Ponse de manifesto que á referida licitación se presentaron as seguintes plicas no rexistro deste Concello:*

ELENA FERRO LAMELA  
ELENA FERRO LAMELA  
FORNO DE LUGO C.B.  
RICARDO RIFON ROCA  
MANUEL AGULLA INSUELA  
MANUEL AGULLA INSUELA

**CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO**

XMCR/atm

Refª: 1473849628414.doc

Asunto: DECRETO NOVO PRAZO ADXUDICACION DIRECTA GASTROARTE 2016 2019

OLGA MILLA CASTRO  
SARA PELAEZ EGUIBURU  
ANAHI CACHAZA BALEIRO  
JOSE LUIS GARCIA NOVO  
ALVARO RODRIGUEZ CARIDE  
ANTONIO GONZALEZ ABAL  
TANIA MARIA CALVO TEIJEIRO  
ANA ISABEL PEREZ SANTO TOMAS  
ESTEBAN IGLESIAS CUADRADO  
STANLEY STEEVEN YEPEZ LEON \*  
MARIBEL JACKELINE TELLO AGUIRRE \*  
MAUD MARTENS  
XOSE RAMON LAIA GOMEZ  
MARIA CARMEN SANCHEZ IRAVEDRA  
MAIKEL FERNANDEZ CUBA  
OSCAR GRUEIRA NAVARRO  
LUIS SANTIN MASOMERA

*\* Examinadas as solicitudes resulta que as presentadas por Stanley Steeven Yopez León e Maribel Jackeline Tello Aguirre non identifican nos sobres A e B o título do procedemento e a referencia do expediente e unha vez aberto o sobre A resulta que licitan en realidade para o procedemento de autorización de instalacións de Atraccións. En consecuencia a Comisión acorda excluilas deste procedemento de autorización para postos de venda na III Feira de artesanía e gastronomía.*

*Procedese a continuación á comprobación da adecuada presentación da documentación en forma correcta e completa, resultando a seguinte listaxe na que se relacionan as solicitudes cuxa documentación está incompleta e que se deben subsanar:*

<b>SOLICITANTE</b>	<b>DOCUMENTACION QUE FALTA</b>
ELENA FERRO LAMELA	<i>Seguro de responsabilidade civil cos límites, sublímites e coberturas esixidos</i>
ELENA FERRO LAMELA	<i>Seguro de responsabilidade civil cos límites, sublímites e coberturas esixidos</i>
FORNO DE LUGO C.B.	<i>Seguro de responsabilidade civil cos límites, sublímites e coberturas esixidos</i>
RICARDO RIFON ROCA	<i>Seguro de responsabilidade civil cos límites, sublímites e coberturas esixidos</i>
MANUEL AGULLA INSUELA	<i>Seguro de responsabilidade civil cos límites, sublímites e coberturas esixidos</i>
MANUEL AGULLA INSUELA	<i>Seguro de responsabilidade civil cos límites, sublímites e coberturas esixidos</i>

OLGA MILLA CASTRO	<i>Seguro de responsabilidade civil cos limites, sublímites e coberturas esixidos</i>
SARA PELAEZ EGUIBURU	<i>Seguro de responsabilidade civil cos limites, sublímites e coberturas esixidos</i>
ANAHI CACHAZA BALEIRO	<i>Seguro de responsabilidade civil cos limites, sublímites e coberturas esixidos</i>
JOSE LUIS GARCIA NOVO	<i>Seguro de responsabilidade civil cos limites, sublímites e coberturas esixidos</i>
ALVARO RODRIGUEZ CARIDE	<i>Seguro de responsabilidade civil cos limites, sublímites e coberturas esixidos</i>
ANTONIO GONZALEZ ABAL	<i>Seguro de responsabilidade civil cos limites, sublímites e coberturas esixidos</i>
TANIA MARIA CALVO TEIJEIRO	<i>Seguro de responsabilidade civil cos limites, sublímites e coberturas esixidos</i>
ANA ISABEL PEREZ SANTO TOMAS	<i>Seguro de responsabilidade civil cos limites, sublímites e coberturas esixidos</i>
ESTEBAN IGLESIAS CUADRADO	<i>Seguro de responsabilidade civil cos limites, sublímites e coberturas esixidos</i>
MAUD MARTENS	<i>Seguro de responsabilidade civil cos limites, sublímites e coberturas esixidos</i>
XOSE RAMON LAIA GOMEZ	<i>Seguro de responsabilidade civil cos limites, sublímites e coberturas esixidos</i>
MARIA CARMEN SANCHEZ IRAVEDRA ( EMBUTIDOS SUARNA S.L.)	<i>Seguro de responsabilidade civil cos limites, sublímites e coberturas esixidos</i>
MAIKEL FERNANDEZ CUBA ( QUEXERIA PRESTES S.L.)	<i>Seguro de responsabilidade civil cos limites, sublímites e coberturas esixidos O seguro debe cubrir a actividade a desenvolver no posto</i>
OSCAR GRUEIRA NAVARRO	<i>Seguro de responsabilidade civil cos limites, sublímites e coberturas esixidos</i>
LUIS SANTIN MASOMERA	<i>Seguro de responsabilidade civil cos limites, sublímites e coberturas esixidos</i>

*Respecto ás solicitudes sinaladas na relación anterior e que son defectuosas por faltarlles algunha da documentación esixida, a Comisión acorda que sexan requiridos para a súa subsanación coa presentación da **documentación sinalada na listaxe anterior para o cal serán requiridos por persoal da Sección de Cultura.***

*Preséntanse **21 solicitudes a un total de 32 postos.** Tendo en conta que non se solicitan postos concretos de xeito que o baremo de puntuación sería necesario para puntuar e clasificar os casos de varias solicitudes que optasen a un mesmo*

## CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/atm

Refª: 1473849628414.doc

Asunto: DECRETO NOVO PRAZO ADXUDICACION DIRECTA GASTROARTE 2016 2019

*posto ou que dera lugar a que os peor puntuados non obtivesen posto algún en caso de superar as solicitudes os postos ofertados, resulta que todos os solicitantes poderán ser autorizados sempre e cando subsanen a documentación que falta e cumbran os requisitos esixidos nas Bases.*

*A continuación e ás 10,00 horas a Comisión procede á apertura dos sobre B para identificar se os solicitantes optan a posto de artesanía ou a posto de gastronomía resultando que se solicitan 14 postos para artesanía e 7 de gastronomía. Todos os solicitantes cumpren os requisitos técnicos establecidos que permiten ocupar o posto agás a falta de documentación administrativas arriba indicada que deberá subsanarse.*

*De todo o anterior resulta que - para o caso de atender o requerimento de subsanación - **quedarán 11 postos vacantes.***

*As Bases establecen no seu apartado 9º:*

***“Se trala selección pola Comisión quedasen postos sen cubrir, esta invitará aos interesados que presentaron oferta pero non foron seleccionados por calquera circunstancia ós efectos de que, si o estiman oportuno, presenten no prazo máximo de tres días hábiles dende a invitación nova oferta para algún dos postos que quedaron vacantes.***

*O órgano municipal competente, á vista da proposta da Comisión Avaliadora, resolverá o procedemento. Este acordo ou resolución notificarase ós interesados e publicarase no perfil do contratante.*

*A adxudicación quedará condicionada, se é o caso, á presentación da correspondente alta no IAE así como á acreditación do cumprimento de tódolos requisitos esixidos, en particular o cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social e a acreditación do pagamento de taxas, prezos e fianza segundo o establecido na cláusula sétima.”*

*As Bases establecen ( en coherencia co artigo 92 da Lei de Patrimonio do estado) a posibilidade de adxudicación directa de postos para o caso de que estes quedasen desertos logo da tramitación do procedemento de concorrencia competitiva dirixíndose as invitacións aos licitadores que por calquera circunstancia non obtivesen ningún.*

*Neste procedemento non existen máis licitadores que os xa relacionados de modo que, sendo posible a adxudicación directa dos 11 postos vacantes, non existe constancia no expediente de terceiros interesados aos que invitar.*

*Así pois a Comisión propón ao órgano competente que mediante o correspondente anuncio de invitación no perfil do contratante se conceda un prazo de cinco días*

*hábiles para que calquera interesado poda presentar solicitude axustándose aos requisitos esixidos nas Bases aos efectos de adxudicar directamente as parcelas vacantes*

*Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 10,30 horas no lugar sinalado no encabezamento.*

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**Primeira.** O Concello de Lugo, no marco das festas patronais do San Froilán desexa autorizar a instalación de 32 postos de venda na III Feira de Artesanía e Gastronomía do San Froilán – GASTROARTE para o período 2016-2019.

Ó tratarse dun uso común especial pola intensidade deste que se realiza, e tal e como establece o RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL), estará suxeito a licenza.

O artigo 77.2 do mesmo regulamento establece que estas licenzas se outorgarán directamente, salvo se por calquera circunstancia se limitase o uso das mesmas, en cuxo caso o serán por licitación e, se non fose posible, porque tódolos autorizados reuniran as mesmas condicións, mediante sorteo.

O artigo 92 da Lei de Patrimonio do Estado establece que as autorizacións se outorgarán directamente aos peticionarios que reúnan as condicións requiridas agás se, por calquera circunstancia, se atopase limitado o seu número, en tal caso o serán en réxime de concorrencia e se non fose procedente por non ter que avaliarse condicións especiais nos solicitantes, mediante sorteo, se outra cosa non se houbo establecido nas condicións polas que se rexen.

No suposto de referencia, o número de postos está limitado a 32 e tras un procedemento de concorrencia só se presentaron 21 solicitudes de modo que é posible conceder directamente autorizacións para o uso especial das parcelas que quedan vacantes ( 11)

Dado que non se pode aplicar exactamente as Bases xa que non se ten constancia de máis interesados no procedemento que os sinalados anteriormente parece lóxico establecer un prazo breve e suficiente para que posibles interesados que non tiveron coñecemento no seu momento agora podan participar.

**Segunda.** En canto ao órgano competente para a aprobación do procedemento de licitación para a concesión das autorizacións, o artigo 127 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, establece que corresponde á Xunta de Goberno Local a concesión de calquera tipo de licenzas, salvo que a lexislación sectorial a atribúa expresamente a outro órgano e sen prexuízo das delegacións

## CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/atm

Refª: 1473849628414.doc

Asunto: DECRETO NOVO PRAZO ADXUDICACION DIRECTA GASTROARTE 2016 2019

que esta confira. Non obstante, este órgano adoptou o acordo número 20/415 en sesión celebrada o día 22 de xuño de 2016, polo que se aprobou a delegación da competencia na Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua para a resolución de tódolos actos de trámite e resolutivos dos expedientes administrativos de contratación así como de autorización para a utilización do dominio público, relativos ás festas do San Froilán 2016.”

No uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprogado polo Real Decreto Lexistativo 3/2011 de 14 de novembro, e en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local número 20/415 en sesión celebrada o día 22 de xuño de 2016, polo que se aprobou a delegación da competencia na Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua para a resolución de tódolos actos de trámite e resolutivos dos expedientes administrativos de contratación así como de autorización para a utilización do dominio público, relativos ás festas do San Froilán 2016, RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Conceder un **prazo de cinco días hábiles** contados a partir da publicación deste Decreto no perfil do contratante para que os interesados podan presentar solicitude de participación no **PROCEDEMENTO PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA NA “III FEIRA DE ARTESANÍA E GASTRONOMÍA DO SAN FROILÁN PARA OS ANOS 2016, 2017, 2018, 2019.** (EXPT. REF. 28-2016) que se rexerá conforme as Bases aprobadas por Decreto 16005647 debendo presentar a documentación na mesma forma e lugar que o sinalado nas Bases , todo isto aos efectos de realizar a adxudicación directa dos postos que quedan vacantes tralo procedemento de concorrencia.

**SEGUNDO.-** Publicar este Decreto no perfil do contratante do Concello de Lugo e continuar a tramitación do expediente.

Cúmprase